



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@abana.dicoruna.es
www.concellodabana.es

CERTIFICACIÓN

Ricardo Garrido Caneda, secretario interventor do Concello da Baña, agás erro ou omisión involuntaria, **CERTIFICO** o acordo da Xunta de Goberno Local con data do 15 de decembro de 2023 que deseguido transcribo:

“4.1. Actualización tarifas do servizo municipal de abastecemento de auga potable para o ano 2024.

Expte. TEDEC: 2023/X998/000102 (Auga).

Expte. TEDEC: 2023/G006/000190 (Proposta).

Expte. TEDEC: 2023/G007/000014 (Xunta de Goberno).

Visto que a ordenanza fiscal reguladora da taxa polo fornecemento e acometida de auga do Concello da Baña publicouse no Boletín Oficial da Provincia nº 290 do 19/12/1998.

Visto que conforme á disposición adicional da dita ordenanza tódolos prezos a que fai referencia esta ordenanza serán incrementados anualmente segundo o índice de prezos de consumo relativo ao período que vai de setembro a setembro determinado polo Instituto Nacional de Estatística.

Visto que conforme ao índice xeral do Índice de Prezos ao Consumo publicado polo Instituto Nacional de Estatística, o IPC de setembro de 2022 a setembro de 2023 é de 3,50% (*índices nacioanales de subgrupos. Unidades: tasas.Subgrupos: 044. Suministro de auga y otros servicios relacionados con la vivienda*).

Visto que consta no expediente desglose deste incremento en arquivo fornecido por Espina y Delfín, de data 27 de novembro de 2023, na súa calidade de empresa prestadora do servizo.

Examinada a documentación, a Xunta de Goberno Local en virtude da competencia que lle ten sido delegada mediante resolución de Alcaldía con número de Decreto 410/2023, de 19 de xullo de 2023, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a actualización dos importes das tarifas correspondentes á taxa polo fornecemento e acometida de auga do Concello da Baña para o exercicio 2024 en consonancia coa ordenanza fiscal de aplicación e co detalle obrante no documento fornecido pola empresa prestadora do servizo.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo ós efectos informativos das persoas contribuíntes.

TERCEIRO.- Se lle dea traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a súa notificación ós terceiros interesados que obren no expediente.”



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@abana.dicoruna.es
www.concellodabana.es

E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do alcalde, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe do alcalde.

A Baña, data da sinatura dixital.

O secretario interventor, Ricardo Garrido Caneda

O alcalde, José Antonio Pereira Gil